

European Writers Club e a Axencia Galega das Industrias Culturais

promoven:



OBRADOIRO 2 DÍAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA CON LE GROUPE OUEST (www.legroupeouest.com) 5 E 6 DE SETEMBRO DE 2024

Dous consultores, familiarizados co enfoque de Le Groupe Ouest, impartirán unha sesión dedicada a 4 participantes, guionistas e/ou directores/as cun proxecto de longametraxe en desenvolvemento inicial.

Xuntos mergullaranse en dinámicas de traballo moi testadas por Le Groupe Ouest para aplicarlas ao seu proxecto e afondar na emoción, a estrutura e o poder da súa historia, antes de entrar nunha nova fase de escritura.

Este obradoiro impartirase en inglés pero permite optar cun nivel medio.

Para solicitar a participación deberase achegar as seguinte información en inglés:

- Unha carta de presentación especificando o que se espera obter deste obradoiro e as debilidades do guión ou tratamento sobre as que conviría traballar.
- Unha breve biografía.
- Unha ligazón a unha película ou obra anterior, a que se estime máis relevante para presentar.
- Unha sinopse do proxecto de 3 a 5 páxinas, na medida do posible presentada en escenas dramáticas.
- 2 ou 3 páxinas con material adicional. Imaxes, fotografías, mapas, ligazóns con sons, texto adicional ou calquera outro tipo de material fundamental para o/a autor/a.
- Un vídeo de tres a cinco minutos de duración gravado con cámara web nunha soa toma, o máis sinxela posible, sen edición e sen lectura de documento. É importante coidar a calidade do son. Nesta gravación o/a autor/a deberá describir a historia, o conflito de personaxes principais, a atmósfera e dar unha visión de cara onde discurre (principio, desenvolvemento e final) e onde está a súa forza.

Se estás interesado/a en formar parte deste obradoiro envía a túa solicitude xunto coa documentación referida a: audiovisual.agadic@xunta.gal

Data límite: 15 de xullo de 2024

